

Brétemas

Notas do traballo de edición e algunhas outras anotacións. Blog de Manuel Bragado Rodríguez. Vigo. Galicia

Onte 1835: Rosalía para todos

bretemas — 25 de Febreiro de 2017 —



Celebramos onte o Día de Rosalía, o 180 aniversario do seu nacemento, cunha grande mobilización galeguista. Unha efeméride que cada ano provoca maior interese, promovida pola AELG e a Fundación Rosalía de Castro, entre outras entidades culturais, que lonxe da parafernalia institucional doutras efemérides galeguistas e a pesar de non ser aínda recoñecida no calendario escolar da Consellaría de Educación, interesa a xentes de todas as idades e de todo o país. Rosalía celebrada como a nosa fundadora, como moderno símbolo da unidade de todos os galegos, como feminista pioneira e activa intelectual que pretendía mudar o mundo dende Galicia. Quizais atopemos aí as razóns polas que cada 24 de febreiro sexa unha xornada pola unión, pola esperanza e pola ledicia (máis aínda este ano que coincide co Entroido) de sermos galegos e galegas.

Mais este entusiasmo do 24 de febreiro non pode agochar o desacougo que provoca reparar nas cifras que sobre a situación do galego veñen aparecendo cada 21 de febreiro, data na que se celebra o Día Internacional da Lingua Materna. A falta de datos máis actualizados, a enquisa do IGI de 2013 sinala que apenas o 18,35 % dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos son falantes iniciais do galego, unha porcentaxe que tres anos despois, con certeza, é inferior. Unha hemorraxia do galego como lingua inicial á que contribúe a actual política lingüística educativa que leva a que apenas o 8,5 % dos centros de educación Infantil de 3 a 6 anos utilice maioritariamente a lingua galega (aproximadamente 1.700 alumnos e alumnas en toda Galicia, para cada treito de idade) e o 74,0 % o faga maioritariamente ou exclusivamente en castelán. Datos do estudo recente feito pola Mesa pola Normalización Lingüística que, de non mudar de contado a deriva imposta pola política lingüística de Alberto Núñez Feijoo e Alfonso Rueda, camiña a súa inevitable desaparición como lingua inicial de Galicia.

Ben está que celebremos a proeza de Rosalía, que é tamén a icona da lingua e do país, e que o fagamos creando novas e fermosas tradicións como a do «Caldo de Groria» ou o da mobilización dixital do #RosalíaTe. Xaora non podemos agochar que vivimos nunha situación crítica pra o futuro dun idioma que comeza amosar síntomas de estar en perigo inevitable de extinción. Rosalía para todos, tamén para os nosos picariños aos que lles negamos a herdanza da lingua. Transformar as efemérides do 21 e 24 de febreiro en referentes a prol da escolarización en galego é unha proposta a valorar.